Firmado por: ***330*** - JAVIER VÁZQUEZ PRADO (FECHA: 2026-11-13 14:14:18.00)
CVD: ZIAW+0N0YNbBDfQH2CRh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 9363/2026

DECRETO

Ilma Sr. D Javier Vázquez Prado, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído expediente relativo a: **Actualización do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música e aprobación das bases reguladoras para o servizo de préstamo de instrumentos para o curso escolar 2026-2027.**

Vista a proposta do xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, de data 13 de novembro de 2026, obrante no expediente, do teor literal seguinte:

*"**INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.***

Asunto: Actualización do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música, e aprobación das bases reguladoras para o servizo de préstamo de instrumentos para o curso escolar 2026-2027.

Unha vez revisadas e actualizadas as bases reguladoras para o servizo de préstamo e o Banco de Instrumentos, por parte da Xunta Directiva da Escola Municipal de Música, dende a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, estímase conveniente e necesario actualizar o banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música e aprobar as bases reguladoras para o servizo de préstamo de instrumentos para o curso escolar 2026-27 de acordo coa proposta recibida.

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo XGL número 40/607, de 26/07/2023 e Decreto núm. 4003/2026 de 12/05/2026 na súas actuais redaccións,

***PROPONSE** para a súa aprobación polo tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

***PRIMEIRO**.- Aprobación e convocatoria das bases reguladoras do servizo de préstamo para o curso 2026-2027 do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo que se transcriben a continuación:*

Bases reguladoras do servizo de préstamo para o curso 2026-2027 do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo

***1. Introducción.** Os fondos do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo (ESMU Lugo) van dirixidos en especial ao alumnado de familias con maiores necesidades económicas para as que a adquisición dun instrumento poder ser un impedimento á aprendizaxe do mesmo. Tamén está orientado a facilitar a iniciación ao instrumento, sobre todo nese intre no que acometer un gasto inicial para as familias é unha dúbida ante a non certeza da dedicación do alumno/a a dito instrumento.*

***2. Fondos instrumentais.** O Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música está constituído polo seguinte instrumental:*

INSTRUMENTO	***MARCA***	***MODELO***	***Nº SERIE***	***CÓDIGO***
BOMBARDINO	*CONSOLAT DE MAR*	*1142*	*1214198*	*BI-14*
BOMBARDINO	*CONSOLAT DE MAR*	*1142*	*110116150*	*BI-15*
CLARINETE SIb	*J.MICHAEL*	*CL-350*	*PH0018*	*BI-23*
CLARINETE SIb	*J.MICHAEL*	*CL-350*	*PH0062*	*BI-24*
CLARINETE SIb	*J.MICHAEL*	*CL-350*	*PH0043*	*BI-25*
CLARINETE SIb	*J.MICHAEL*	*CL-350*	*PH0046*	*BI-26*
CLARINETE SIb	*J.MICHAEL*	*CL-350*	*NH0095*	*Doazón*
CLARINETE SIb	*J.MICHAEL*	*CL-350*	*PH0003*	*BI-27*
CLARINETE SIb	*ASTÓN*		*C15761*	*Cesión Escola*
CLARINETE SIb	*ANSTRONG*	*4001*	*787131*	*Doazón*
CLARINETE SIb	*JHON PARKET*	*JP021*	*02109492*	*Doazón*
CLARINETE SIb	*RAGTIME BEGINNER*		*11030162*	*Doazón*
CLARINETE MIb	*J. MICHAEL*	*CL 560 ES*	*ND0040*	*Cesión Escola*
CLARINETE MIb	*INTERNATIONAL SOUND*			*Doazón*
FAGOT	*GARA*	*GBB-16*		*BI-13*
GAITA PRACTI de DO	*LIS LATAS*	*ARTESÁN*	*Madeira Granadillo*	*BI-17*
SAXO ALTO MIb	*JOHN PACKER*	*JP-041*	*04106032*	*BI-08*
SAXO ALTO MIb	*JOHN PACKER*	*JP-041*	*04106074*	*BI-09*
SAXO ALTO MIb	*JOHN PACKER*	*JP-041*	*04106073*	*BI-10*
TROMBÓN	*J.MICHAEL*	*TB-450M*	*PF0065*	*BI-00*
TROMBÓN	*J.MICHAEL*	*TB-450M*	*PH0085*	*BI-01*
TROMBÓN	*J.MICHAEL*	*TB-450M*	*PH0082*	*BI-28*
TROMBÓN	*ROY BENSON*	*TT-227*	*11607119*	*Doazón*
TROMPA	*CONSOLAT DE MAR*	*TP-700*		*BI-06*
TROMPA	*CONSOLAT DE MAR*	*TP-700*		*BI-07*
TROMPETA	*OLYMPIC*	*TR-300*	*4060273*	*BI-03*
TROMPETA	*OLYMPIC*	*TR-300*	*4050043*	*BI-04*
TROMPETA	*OLYMPIC*	*TR-300*	*4060497*	*BI-05*
TROMPETA	*OLYMPIC*	*TR-300*	*4060479*	*BI-02*
TROMPETA	*CONSOLAT DE MAR*		*0913147*	*Doazón*

TUBA	*CONSOLAT DE MAR*	*TU-400*		*BI-16*
PACK PERCUSIÓN	*IÑAKI SEBASTIÁN*	*BEGINNER PACK*		*BI-20*
PACK PERCUSIÓN	*IÑAKI SEBASTIÁN*	*BEGINNER PACK*		*BI-21*
PACK PERCUSIÓN	*IÑAKI SEBASTIÁN*	*BEGINNER PACK*		*BI-22*

Os fondos poderán ser obxecto de ampliación durante este curso ou nos vindeiros cursos académicos, e aceptaranse tamén doazóns de persoas particulares, empresas, entidades públicas ou calquera outro tipo de doazóns. O instrumental doado será engadido aos fondos do Banco de Instrumentos do Concello de Lugo. O material cedido será instrumental de préstamo, coa excepción de o seu estado ou o seu interese o faga máis apto para ser dedicado á conservación/exposición ao público. Para realizar unha doazón deberá cubrirse o ANEXO III desta regulación.

3. Consideracións económicas. *Para favorecer a aprendizaxe e polo tanto a vida musical da cidade de Lugo, o Concello de Lugo establece estas bases para a regulación do proceso de préstamo dos instrumentos que forman parte do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música. Terán prioridade as familias con menos recursos polo que se solicitará información relativa a situación económica familiar que figura xunto coa folla de solicitude que se establece ao final destas bases. Establécense os seguintes criterios para a valoración e puntuación das solicitudes:*

SITUACIÓN ECONÓMICA (*RPC[1] mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples-IPREM- vixente[2]):*	*VALORACIÓN*
Inferior ao 30% do IPREM (menos de 180 €)	*+4 Puntos*
Entre o 30% e o 50 % do IPREM (de 180 € a 300 €)	*+3 Puntos*
Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM (de 300 € a 450 €)	*+ 2 Puntos*
Entre o 75% e o 100% do IPREM (de 450 € a 600 €)	*+1 Punto*
Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM (de 600 € a 750 €)	*-1 Punto*
Entre o 125% e o 150% do IPREM (de 750 € a 900 €)	*-2 Puntos*
Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM (de 900 € a 1.200 €)	*-3 Puntos*
Igual ou superior ao 200% e inferior ao 300% do IPREM (de 1.200 € a 1.800 €)	*-4 Puntos*
Igual ou superior ao 300% e inferior ao 400% do IPREM (de 1.800 € a 2.400 €)	*-5 Puntos*
Igual ou superior ao 400% do IPREM (a partires de 2.400 €)	*-6 Puntos*

** Para efectos deste baremo están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no domicilio e debidamente empadroadas, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, e estean tuteladas por un dos proxenitores*

1. CÁLCULO RPC: suma dos recadros 380 e 395 da declaración da renda do exercicio anterior ao ano en curso de ámbolos dous proxenitores, dividido entre 12 mensualidades e entre o número de membros da unidade familiar

2. IPREM 2026: 600€/mes (esta cifra actualizarase anualmente o organismo que a determina).

- *Procederase a facer unha valoración da situación económica descrita no punto anterior e establecerase unha puntuación, dita puntuación servirá para definir a preferencia de adxudicación do instrumental. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.*

- *Establecerase un prazo de presentación de solicitudes, podendo abrirse dito prazo varias veces durante o curso, mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Escola Municipal de Música .*
- *O alumnado deberá estar empadroado no Concello de Lugo para acceder ao préstamo instrumental.*
- *O préstamo do instrumento será como máximo por un curso académico, sendo obriga volver a presentar de novo a solicitude cada novo curso. Enténdese como curso académico para o préstamo do instrumental dende o mes de outubro ata o mes de xuño. A data límite para a devolución do instrumental será o último día lectivo de clases.*
- *Só se poderá optar a un instrumento por alumno/a.*
- *As familias que opten por presentar solicitude de mais de un alumno/a, deberán presentar una solicitude por cada alumno/instrumento.*
- *Se o alumno/a non fai aproveitamento das ensinanzas musicais poderá perder a cesión do instrumento previa tramitación do expediente contradictorio. Tamén perderá o dereito ao uso do instrumento se causara baixa na Escola por calquera motivo, procedendo a súa devolución.*
- *O instrumento é propiedade da Escola Municipal de Música de Lugo – Concello de Lugo.*
- *O instrumento debe devolverse nas mesmas condicións que se entrega, sendo responsabilidade dos prestatarios a reparación do mesmo ou a sustitución en caso de roubo ou extravío, tanto dentro como fora das dependencias da ESMU Lugo.*
- *A devolución do instrumento e accesorios farase ao profesor/a da materia, que será o encargado de verificar as condicións en que se fai entrega do mesmo.*
- *O prestatario faise cargo do valor do instrumento podendo o Concello de Lugo reclamar a cantidade do valor de mercado do mesmo. A unidade familiar poderá ser penalizada coa perda de bolsas por axuda de compra de libros ou outros beneficios económicos que lle estea a prestar o Concello de Lugo previa tramitación do expediente administrativo.*
- *No caso de que o prestatario/a deba facer abono da totalidade do prezo do instrumento, dito instrumento pasará a ser propiedade do prestatario, ou ben no caso de que o arranxo do instrumento sexa de maior coste que o prezo do mesmo tamén pasará a ser propiedade do prestarario despois de aboar a cantidade do valor de mercado ao Concello de Lugo.*
- *Para o aproveitamento de tódolos usuarios posibles de este Banco de instrumentos, serán prestados un máximo de dous cursos.*
- *No caso de alumnado menores de idade os responsables serán os pais/nais/titores/as.*
- *Cando o prestatario/a reciba o instrumento cubrirase e firmarase o modelo que figura no ANEXO IV.*
- *Cando o prestatario/a devolva o instrumento cubrirase e firmarase o modelo que figura no ANEXO V.*

4. Requisitos para acceder ao préstamo dun instrumento:

- *Ser alumno/a de pleno dereito da Escola e non ter mais de cinco faltas na materia matriculada, con praza na/s materia/s directamente relacionadas co uso do instrumento que se solicita.*
- *Estar empadroado no Concello de Lugo.*
- *Presentar o modelo de solicitude para o Banco de Instrumentos debidamente cuberto presentado por Rexistro con fotocopia compulsada do DNI.*
- *Achegar a documentación que se require na solicitude, incluído o certificado de empadroamento que indique as persoas que conviven no domicilio.*

- *Non ter débedas co Concello de Lugo.*

5. Prazo de presentación de solicitudes
As solicitudes, xunto coa documentación precisa, segundo os modelos e anexos que se indican e se achegan a continuación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da lei 39/15, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
O prazo para a presentación das solicitudes será de 10 días hábiles contando dende o seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo.
Conforme ao indicado na base 3, unha vez rematado dito prazo e efectuadas as asignacións de instrumentos aos solicitantes logo das correspondentes avaliacións, no caso de que quedaran instrumentos sen asignar, poderanse abrir novos prazos mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Escola Municipal de Música .

Modelos e Anexos:

MODELO SOLICITUDE PRÉSTAMO

ANEXO I - AUTORIZACIÓN CONSULTA DATOS AEAT
ANEXO II - DECLARACIÓN COMPOSICIÓN UNIDADE FAMILIAR
ANEXO III - MODELO PARA A DOAZÓN DE FONDOS
ANEXO IV - MODELO PARA A ACEPTACIÓN DO PRÉSTAMO
ANEXO V - MODELO PARA A DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO

***SEGUNDO**.- Dar publicidade das presentes bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos e na páxina web do Concello.*

***TERCEIRO**.- Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

***CUARTO.-** Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra é caberá a interposición dos recursos correspondentes.*

É canto procede informar."

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo XGL número 40/607, de 26/07/2023 e Decreto núm. 4003/2026 de 12/05/2026 na súas actuais redaccións, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobación e convocatoria das bases reguladoras do servizo de préstamo para o curso 2026-2027 do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo que se transcriben a continuación:

Bases reguladoras do servizo de préstamo para o curso 2026-2027 do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo

1. Introducción. Os fondos do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo (ESMU Lugo) van dirixidos en especial ao alumnado de familias con maiores necesidades económicas para as que a adquisición dun instrumento poder ser un impedimento á aprendizaxe do mesmo. Tamén está orientado a facilitar a iniciación ao instrumento, sobre todo nese intre no que acometer un gasto inicial para as familias é unha dúbida ante a non certeza da dedicación do alumno/a a dito instrumento.

2. Fondos instrumentais. O Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música está constituído polo seguinte instrumental:

INSTRUMENTO	MARCA	MODELO	Nº SERIE	CÓDIGO
BOMBARDINO	CONSOLAT DE MAR	1142	1214198	BI-14
BOMBARDINO	CONSOLAT DE MAR	1142	110116150	BI-15
CLARINETE SIb	J.MICHAEL	CL-350	PH0018	BI-23
CLARINETE SIb	J.MICHAEL	CL-350	PH0062	BI-24
CLARINETE SIb	J.MICHAEL	CL-350	PH0043	BI-25
CLARINETE SIb	J.MICHAEL	CL-350	PH0046	BI-26
CLARINETE SIb	J.MICHAEL	CL-350	NH0095	Doazón
CLARINETE SIb	J.MICHAEL	CL-350	PH0003	BI-27
CLARINETE SIb	ASTÓN		C15761	Cesión Escola
CLARINETE SIb	ANSTRONG	4001	787131	Doazón
CLARINETE SIb	JHON PARKET	JP021	02109492	Doazón
CLARINETE SIb	RAGTIME BEGINNER		11030162	Doazón
CLARINETE MIb	J. MICHAEL	CL 560 ES	ND0040	Cesión Escola

CLARINETE MIb	INTERNATIONAL SOUND			Doazón
FAGOT	GARA	GBB-16		BI-13
GAITA PRACTI de DO	LIS LATAS	ARTESÁN	Madeira Granadillo	BI-17
SAXO ALTO MIb	JOHN PACKER	JP-041	04106032	BI-08
SAXO ALTO MIb	JOHN PACKER	JP-041	04106074	BI-09
SAXO ALTO MIb	JOHN PACKER	JP-041	04106073	BI-10
TROMBÓN	J.MICHAEL	TB-450M	PF0065	BI-00
TROMBÓN	J.MICHAEL	TB-450M	PH0085	BI-01
TROMBÓN	J.MICHAEL	TB-450M	PH0082	BI-28
TROMBÓN	ROY BENSON	TT-227	11607119	Doazón
TROMPA	CONSOLAT DE MAR	TP-700		BI-06
TROMPA	CONSOLAT DE MAR	TP-700		BI-07
TROMPETA	OLYMPIC	TR-300	4060273	BI-03
TROMPETA	OLYMPIC	TR-300	4050043	BI-04
TROMPETA	OLYMPIC	TR-300	4060497	BI-05
TROMPETA	OLYMPIC	TR-300	4060479	BI-02
TROMPETA	CONSOLAT DE MAR		0913147	Doazón
TUBA	CONSOLAT DE MAR	TU-400		BI-16
PACK PERCUSIÓN	IÑAKI SEBASTIÁN	BEGINNER PACK		BI-20
PACK PERCUSIÓN	IÑAKI SEBASTIÁN	BEGINNER PACK		BI-21
PACK PERCUSIÓN	IÑAKI SEBASTIÁN	BEGINNER PACK		BI-22

Os fondos poderán ser obxecto de ampliación durante este curso ou nos vindeiros cursos académicos, e aceptaranse tamén doazóns de persoas particulares, empresas, entidades públicas ou calquera outro tipo de doazóns. O instrumental doado será engadido aos fondos do Banco de Instrumentos do Concello de Lugo. O material cedido será instrumental de préstamo, coa excepción de o seu estado ou o seu interese o faga máis apto para ser dedicado á conservación/exposición ao público. Para realizar unha doazón deberá cubrirse o ANEXO III desta regulación.

3. Consideracións económicas. Para favorecer a aprendizaxe e polo tanto a vida musical da cidade de Lugo, o Concello de Lugo establece estas bases para a regulación do proceso de préstamo dos instrumentos que forman parte do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música. Terán prioridade as familias con menos recursos polo que se solicitará información relativa a situación económica familiar que figura xunto coa folla de solicitude que se establece ao final destas bases. Establécense os seguintes criterios para a valoración e puntuación das solicitudes:

SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC[1] mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples-IPREM- vixente[2]):	VALORACIÓN
Inferior ao 30% do IPREM (menos de 180 €)	+4 Puntos
Entre o 30% e o 50 % do IPREM (de 180 € a 300 €)	+3 Puntos
Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM (de 300 € a 450 €)	+ 2 Puntos
Entre o 75% e o 100% do IPREM (de 450 € a 600 €)	+1 Punto
Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM (de 600 € a 750 €)	-1 Punto
Entre o 125% e o 150% do IPREM (de 750 € a 900 €)	-2 Puntos
Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM (de 900 € a 1.200 €)	-3 Puntos
Igual ou superior ao 200% e inferior ao 300% do IPREM (de 1.200 € a 1.800 €)	-4 Puntos
Igual ou superior ao 300% e inferior ao 400% do IPREM (de 1.800 € a 2.400 €)	-5 Puntos
Igual ou superior ao 400% do IPREM (a partires de 2.400 €)	-6 Puntos

* Para efectos deste baremo están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no domicilio e debidamente empadroadas, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, e estean tuteladas por un dos proxenitores

1. CÁLCULO RPC: suma dos recadros 380 e 395 da declaración da renda do exercicio anterior ao ano en curso de ámbolos dous proxenitores, dividido entre 12 mensualidades e entre o número de membros da unidade familiar

2. IPREM 2026: 600€/mes (esta cifra actualizarase anualmente o organismo que a determina).

- Procederase a facer unha valoración da situación económica descrita no punto anterior e establecerase unha puntuación, dita puntuación servirá para definir a preferencia de adxudicación do instrumental. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

- Establecerase un prazo de presentación de solicitudes, podendo abrirse dito prazo varias veces durante o curso, mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Escola Municipal de Música .
- O alumnado deberá estar empadroado no Concello de Lugo para acceder ao préstamo instrumental.
- O préstamo do instrumento será como máximo por un curso académico, sendo obriga volver a presentar de novo a solicitude cada novo curso. Enténdese como curso académico para o préstamo do instrumental dende o mes de outubro ata o mes de xuño. A data límite para a devolución do instrumental será o último día lectivo de clases.
- Só se poderá optar a un instrumento por alumno/a.
- As familias que opten por presentar solicitude de mais de un alumno/a, deberán presentar una solicitude por cada alumno/instrumento.
- Se o alumno/a non fai aproveitamento das ensinanzas musicais poderá perder a cesión do instrumento previa tramitación do expediente contradictorio. Tamén perderá o dereito ao uso do instrumento se causara baixa na Escola por calquera motivo, procedendo a súa devolución.
- O instrumento é propiedade da Escola Municipal de Música de Lugo – Concello de Lugo.
- O instrumento debe devolverse nas mesmas condicións que se entrega, sendo responsabilidade dos prestatarios a reparación do mesmo ou a sustitución en caso de roubo ou extravío, tanto dentro como fora das dependencias da ESMU Lugo.
- A devolución do instrumento e accesorios farase ao profesor/a da materia, que será o encargado de verificar as condicións en que se fai entrega do mesmo.
- O prestatario faise cargo do valor do instrumento podendo o Concello de Lugo reclamar a cantidade do valor de mercado do mesmo. A unidade familiar poderá ser penalizada coa perda de bolsas por axuda de compra de libros ou outros beneficios económicos que lle estea a prestar o Concello de Lugo previa tramitación do expediente administrativo.
- No caso de que o prestatario/a deba facer abono da totalidade do prezo do instrumento, dito instrumento pasará a ser propiedade do prestatario, ou ben no caso de que o arranxo do instrumento sexa de maior coste que o prezo do mesmo tamén pasará a ser propiedade do prestarario despois de aboar a cantidade do valor de mercado ao Concello de Lugo.

- Para o aproveitamento de tódolos usuarios posibles de este Banco de instrumentos, serán prestados un máximo de dous cursos.
- No caso de alumnado menores de idade os responsables serán os pais/nais/titores/as.
- Cando o prestatario/a reciba o instrumento cubrirase e firmarase o modelo que figura no ANEXO IV.
- Cando o prestatario/a devolva o instrumento cubrirase e firmarase o modelo que figura no ANEXO V.

4. Requisitos para acceder ao préstamo dun instrumento:

- Ser alumno/a de pleno dereito da Escola e non ter mais de cinco faltas na materia matriculada, con praza na/s materia/s directamente relacionadas co uso do instrumento que se solicita.
- Estar empadroado no Concello de Lugo.
- Presentar o modelo de solicitude para o Banco de Instrumentos debidamente cuberto presentado por Rexistro con fotocopia compulsada do DNI.
- Achegar a documentación que se require na solicitude, incluído o certificado de empadroamento que indique as persoas que conviven no domicilio.
- Non ter débedas co Concello de Lugo.

5. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, xunto coa documentación precisa, segundo os modelos e anexos que se indican e se achegan a continuación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da lei 39/15, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para a presentación das solicitudes será de 10 días hábiles contando dende o seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo.

Conforme ao indicado na base 3, unha vez rematado dito prazo e efectuadas as asignacións de instrumentos aos solicitantes logo das correspondentes avaliacións, no caso de que quedaran instrumentos sen asignar, poderanse abrir novos prazos mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Escola Municipal de Música .

Modelos e Anexos:

MODELO SOLICITUDE PRÉSTAMO

ANEXO I - AUTORIZACIÓN CONSULTA DATOS AEAT
ANEXO II - DECLARACIÓN COMPOSICIÓN UNIDADE FAMILIAR
ANEXO III - MODELO PARA A DOAZÓN DE FONDOS
ANEXO IV - MODELO PARA A ACEPTACIÓN DO PRÉSTAMO
ANEXO V - MODELO PARA A DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO

SEGUNDO.- Dar publicidade das presentes bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CUARTO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ás persoas interesadas e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas).

Así mesmo, deáselles traslados as dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.